

Memoria do curso académico 2014/2015 do CITI

Sumario

1. Introducción
2. Equipo de dirección e administración
3. Actividades de colaboración con asociacións empresariais, centros tecnolóxicos e empresas
4. Melloras, reparacións e novas instalacións e equipos
5. Melloras de servizos
6. Actividades de difusión e divulgación
7. Actividades desenvolvidas na Oficina de Proxectos
8. Actividades desenvolvidas na Planta Piloto

1. **Introdución**

A presente memoria é un resumo das actividades desenvolvidas no CITI (Centro de Investigación, Transferencia e Innovación da Universidade de Vigo) durante o curso académico 2014/2015. Na mesma, describimos as actividades realizadas dende outubro de 2014 ata xullo de 2015.

2. **Equipo de dirección e administración**

As actividades descritas son froito dun traballo en equipo no que se integran:

Director/a:

Xosé Antón Vila Sobrino

Técnico/a Superior de Biotecnoloxía encargado/a da Planta Piloto:

Beatriz Díaz Reinoso

Posto Base, Auxiliar administrativo/a:

Manuel Ángel Valcárcel Martínez (substituído por M^a José Fernández Failde ata o 2 de setembro de 2015)

Técnico/a da oficina de proxectos de I+D+i:

Posto vacante durante todo o período. En xuño de 2015 incorporouse Alberto Rellán, contratado pola universidade como Xestor de Innovación. Aínda que traballará no CITI, non depende orgánicamente desta dirección, senón directamente do Vicerreitorado de Investigación e Transferencia.

Bolseiro/a de Formación de I+D+i:

Maruxa Mosquera Fernández

Bolseiro/a de Formación de Informática:

Rubén Romero González

Alumno/a en prácticas académicas externas:

Adrián González Barbosa

3. Actividades de colaboración con Asociacións Empresariais, Centros Tecnolóxicos e Empresas

Un dos principais obxectivos do CITI é potenciar o desenvolvemento do I+D+i nas empresas, mediante a creación de espazos de colaboración para favorecer e transferir coñecemento dende a universidade ao tecido empresarial a través do desenvolvemento de proxectos conxuntos de I+D+i relacionados co ámbito agroalimentario, biotecnoloxía, enerxía, medio ambiente e tecnoloxías da información.

Por iso, ao longo do curso o director do centro mantén conversas con distintas empresas e participa en presentacións de actividades académicas.

4. Melloras, reparacións e novas instalacións e equipos

En outubro de 2014 instalouse unha fiestra na cafetería do CITI, substituíndo un panel de aluminio, co obxecto de dar maior luminosidade á devandita dependencia.

En novembro de 2014 instalouse unha fonte de auga na cafetería.

No ano 2014 habilitouse un cubículo climatizado na planta piloto para aloxar servidores informáticos e aloxar algúns equipos científicos mais sensibles aos cambios de temperatura (permeabilímetros). En abril de 2015 completouse a conexión de rede e trasladáronse a el os servidores centrais. En xuño de 2015 trasladouse o servidor que controla o sistema de acceso ao centro.

Finalmente foi concedida a axuda solicitada ao MINECO para instalar un “servidor de cálculo científico de altas prestacións. En febreiro iniciouse o proceso de contratación por procedemento aberto. Os equipos instaláronse no cubículo climatizado da planta piloto.

5. Melloras dos servizos

Dende finais do ano 2014 (outubro) e durante todo o 2015 leváronse a cabo tarefas na mellora de servizos enfocados as persoas usuarias. Actualizouse o software das máquinas orientadas a servizos do CITI, localizadas no CPD da Plata Piloto, con fin de aumentar a seguridade e as prestacións dos mesmos. A tal fin, integráronse os equipos de traballo, tanto as máquinas Windows como Linux, nun dominio de tipo directorio activo.

Dentro desde marco, centralizáronse as contas dos usuarios, permitindo que os perfís dos persoal usuario fosen móbiles, polo tanto os equipos poden ser utilizados por calquera usuario sen ter en conta a súa localización ou o seu sistema operativo. Ademais, creáronse unidades organizativas tanto para a Oficina de Proxectos I+D+i como para ao CACTI, illando o acceso lóxico aos periféricos das oficinas e os equipos. Deste xeito, incrementouse a seguridade respecto o resto da rede da universidade coa idea de previr accesos non desexados. Non obstante, permítese o acceso ó SAUM de cara a atención as persoas usuarias.

O servizo na nube, xa existente no CITI, foi actualizado e integrado no directorio activo. A súa vez, aprobáronse varios protocolos de copia de seguridade para a salvagarda dos datos usuario (perffs), a nube ou diversos recursos compartidos. A política adoptada garante respaldos semanais e mensuais.

Por outro lado, creouse una lista de distribución para difundir o boletín oficial do CITI, como tamén una ferramenta web para dar soporte a creación do contido e difusión do mesmo.

Por último, virtualizáronse a maioría dos sistemas, xunto con varios sistemas operativos Windows, co fin de dar soporte a varios requirimentos do persoal usuario e unha maior facilidade para a súa administración.

6. Actividades de difusión e divulgación

Dende outubro de 2013 distribúese un boletín informativo de periodicidade semanal no que se recollen novas e convocatorias de interese, tanto para persoal docente e investigador como para os alumnos. Calquera que o queira recibir pode solicitar a súa subscripción enviando un correo a proxectos.citi@uvigo.es. Neste ano 2015 mellorouse a plataforma dende a que se preparan estes boletíns e recentemente habilitouse unha lista de distribución para mellorar a difusión dos mesmos.

7. Actividades da Oficina de Proxectos I+d+i

Esta oficina foi creada polo Vicerreitorado de Investigación da Universidade de Vigo e o Vicerreitorado Campus de Ourense, co fin de prestar apoio técnico e administrativo na xestión de proxectos de I+D+i aos investigadores do CITI e ao resto do persoal científico do Campus de Ourense.

Ademais, esta unidade presta asesoramento e apoio ao PDI na correcta xestión dos proxectos, independentemente da orixe dos fondos.

Tamén colabora na organización das visitas externas que solicitan distintos grupos para coñecer o CITI.

A Oficina de Proxectos I+D+i elabora o Boletín Informativo e xestiona a conta do Twitter.

8. Actividades desenvolvidas na Planta Piloto

A planta foi visitada o día 8 de outubro de 2014 polo alumnado da Facultade de Ciencias de Ourense baixo a tutela da profesora Inmaculada Franco (Área de Tecnoloxía dos Alimentos). Nesta visita levouse a cabo una pequena práctica co equipo de Altas Presións Hidrostáticas.

O día 21 de Outubro de 2014 un grupo de alumnos do Centro Tecnolóxico da Carne visitou tamén as instalacións e os días 7 de Abril de 2015 e 5 de maio do 2015 foi visitada por parte do alumnado do IES A Carballeira e da Facultade de Ciencias baixo a tutela do profesor José Manuel Domínguez, respectivamente.

O día 28 de maio de 2015 realizouse unha demostración do uso dos permeabilímetros (M8001 e M7001) xunto coa empresa Gomensoro e o Grupo de Polímeros da Universidade da Coruña.

A Planta Piloto ofrece os seus equipos e servizos e traballa baixo reserva dos mesmos. A

continuación móstrase unha táboa onde se reflicten as reservas que tiveron os equipos da planta piloto entre os meses de setembro de 2014 e xullo de 2015:

| Equipo | Días ocupados |
|--|----------------------|
| Equipo extracción con CO ₂ supercrítico | 41 |
| HPLC | 40 |
| PARR | 30 |
| Altas presións hidrostáticas | 22 |
| Máquina ensaios universais | 14 |
| Fermentador Biostat Q | 12 |
| Ultracentrífuga | 9 |
| Extrusora | 1 |
| Permeabilímetro M8001 | 1 |
| Permeabilímetro M7001 | 1 |

Ourense, 30 de outubro de 2015

O director do CITI

Asdo. Xosé Antón Vila Sobrino